698/80

Ⓐ

DURANTE O MES DE AGOSTO EU ESTAREI DE VACACIÓNS EN VILAGARCIA. SI VES POR GALICIA, E QUERES CONTACTAR CONMIGO, PODES CHAMAR AO TFº (986) 50.26.97, EU E'O DE MIÑA CASA EN VILAGARCIA. G. Neira

INSTITUTO POLICLÍNICO QUIRÚRGICO "LA ROSALEDA"
TELÉFONO 59 26 00
SANTIAGO

Xullo, 22
1.980

D. Camilo José Cela
La Bonanova.
PALMA DE MALLORCA.

Benquerido Camilo:

Graciñas pola cordial carta na que volves a falar do proxecto do homenaxe a Rosalía. Non contestéi á tua carta de abril porque entendín que era moito mellor non "incordiarte" polo de agora... xa que todos nos decatamos que andabas (!e supoño que, felizmente, seguirás andando!) atafegado de conferencias, discursos, convites, etc. etc. Preferín deixarte para ocasión máis axeitada, xa que Filgueira Valverde (que forma parte da miña Xunta no Patronato Rosalía de Castro) fíxome saber que era posible artellar,pola banda dun "Curso" especial que vai ter patrocinio de tipo universitario, a tua participación encol da figura de Rosalía.

Como podes ver polo Programa que vai adxunto, xa saímos deste atranco momentáneo.

Pero eu sigo pensando que o CENTENARIO DE FOLLAS NOVAS debe rematar este ano, coincidindo co X aniversario da nova xeira do Patronato que se cumple o 29 de nadal deste ano, con un acto sonado, no que se entreguen os Premios que xustamente se anuncian neste Programa e que foron proclamados o pasado día 19 no Acto Literario de Padrón. Son, pensamos nós, valiosos:

a. - Un premio de PERIODISMO (100.000 pesetas) para Prensa e Radio, otorgado ao mellor artículo en galego publicado neste ano sobre Rosalía.
b. - Un PREMIO AS MASAS CORALES, sobre unha composición de temática galega, con alusión ao Poeta. (100.000, chulas).
c. - Un Concurso de [redacted] MUSICA XOVEN PARA ROSALIA (100.000 Pts) (tratamos de que o folk, o pop o camp... ou todas esas cousas dos rapaces de hoxe, teñan acollida adicada a temática rosaliana).
d. - Un premio para o LIBRO MELLOR EDITADO por unha editorial galega, sobre tema galego e en galego. (Ten que ser non suvencionado, en rústica, non de luxo, etc. etc.).

As bases xa están publicadas. Supoñemos que teñan acollida favorable.

Cecáis daquela sería boa ocasión de que tí "remataras a gol". ¿Non che parece?. Apertas certas do amigo

Agustín

Departamento de ORTOPEDIA, TRAUMATOLOGÍA Y REHABILITACIÓN
Dr. Agustín Sixto Seco